

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE XANEIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:15 horas do día 18 de xaneiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 16 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D^a. María José Caride Estévez
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 4, 10 e 13)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 12 de xaneiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 12 de xaneiro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 16 de xaneiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 16 de xaneiro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Presente o xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, manifesta que a empresa GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L., a pesar de indicar no exterior dos sobres que se presenta aos lotes 1 e 5, na documentación presentada no Sobre B non achega para o lote 5 a documentación acreditativa dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, esixida no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:06	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A746-C8DC38-4EA7E7-NCB447-Y5K9HZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo en conta o anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, excluír a GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L. do lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés) do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77), polo motivo previsto na cláusula 13.5B do PCAP (“A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC”).

A continuación, en acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo					
		Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 5	Lote 6	Lote 7
1	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	66.612,00	125.438,92		127.638,72	12.375,00	19.552,50
2	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	60.164,00	97.188,00		107.910,00		
3	MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L.			64.890,00			
4	INNOVACIÓN E DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L.						24.100,00
5	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	43.773,60	77.474,88		84.466,80		
6	GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L.	76.128,00					
7	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	51.844,00	90.300,00		92.048,00	11.565,00	13.285,00
8	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	73.154,20	131.646,51		141.576,42	12.341,38	19.543,10
9	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN					12.375,00	22.000,00
10	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.				150.163,20	13.200,00	20.856,00

Todos os licitadores presentaron o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares, agás GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L., se ben atendendo ao resultado da apertura, a Mesa non considera necesario requirilo.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A continuación os membros da Mesa proceden a valorar as proposicións presentadas, mediante a aplicación das fórmulas previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, agás para o lote 3 no que só se presentou un licitador, polo que procede atribuírlle a máxima puntuación (cláusula 15.3 do PCAP). O resultado é o seguinte:

Lote 1 “ADGD0210 - Creación e xestión de microempresas”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:06	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A746-C8DC38-4EA7E7-NCB447-Y5K9HZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C
1	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	23,00	61,43
2	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	22,50	65,26
3	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	21,75	75,00
4	GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L.	21,75	43,68
5	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	19,75	70,20
6	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	15,75	50,50

Lote 2 IFCD0110 - Confección e publicación de páxinas web

	LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C
1	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	23,00	48,30
2	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	22,50	66,22
3	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	21,75	75,00
4	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	19,75	69,29
5	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	15,75	43,22

Lote 3 HOTR0108 - Operacións básicas de cocina

	LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C
1	MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L.	25	75

* Se ben no informe de valoración do sobre B se lle outorgan 21,75 puntos, en aplicación da cláusula 15.3 do PCAP, cando só exista un licitador admitido, daráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar as fórmulas.

Lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés)

	LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C
1	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	23,00	61,32
2	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	22,50	67,57
3	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	21,75	75,00



5	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	19,75	72,60
6	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	15,75	49,53
7	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	14,00	40,31

Lote 6 FCO002 - Sensibilización na igualdade de oportunidades

	LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C
1	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	23,00	62,94
2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	19,75	75,00
3	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	15,75	63,44
4	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	19,75	62,94
5	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	14,00	50,42

Lote 7 FCOI02 - Alfabetización informática: informática e Internet

	LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C
1	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	23,00	63,73
2	INNOVACIÓN E DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L.	11,25	26,60
3	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	19,75	75,00
4	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	15,75	63,75
5	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	19,75	54,96
6	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	14,00	61,39

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77)

Á vista do informe de valoración do sobre B das proposicións presentadas, así como da valoración do sobre C pola Mesa de Contratación e demais actuacións desta, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2a TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na data 18 de xaneiro de 2018 do licitador GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L. do lote 5



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:06	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A746-C8DC38-4EA7E7-NCB447-Y5K9HZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés) polo motivo previsto na cláusula 13.5B do PCAP ("A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77) na seguinte orde descendente:

Lote 1 "ADGD0210 - Creación e xestión de microempresas"

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75
2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	89,95
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	87,76
4	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	84,43
5	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	66,25
6	GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L.	65,43

Lote 2 IFCD0110 - Confección e publicación de páxinas web

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75
2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	89,04
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	88,72
4	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	71,30
5	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	58,97

Lote 3 HOTR0108 - Operacións básicas de cocina

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L.	100

Lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés)

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75



2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	92,35
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	90,07
5	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	84,32
6	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	65,28
7	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	54,31

Lote 6 FCOO02 - Sensibilización na igualdade de oportunidades

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	94,75
2	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	85,94
3	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	82,69
4	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	79,19
5	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	64,42

Lote 7 FCOI02 - Alfabetización informática: informática e Internet

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	94,75
2	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	86,73
3	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	79,50
4	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	75,39
5	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	74,71
6	INNOVACIÓN E DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L.	37,85

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3) e UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP (*“Os licitadores deberán dispor da acreditación e inscrición do centro ou entidade de formación para a/as especialidade/s formativa/s que vaia a impartir, no Servizo Público de Emprego Estatal ou órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:06	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A746-C8DC38-4EA7E7-NCB447-Y5K9HZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



regula o subsistema de formación profesional para o emprego”).

- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.991,18 euros (331,86 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”:

- CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5): 995,60 euros
- MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3): 331,86 euros
- UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7): 663,72 euros

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) (lote 4 “HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar”)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) (lote 4 “HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar”)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77).

Segundo.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 29 de decembro de 2017, concorreron a esta licitación, os seguintes licitadores:

- MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.
- G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:06	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A746-C8DC38-4EA7E7-NCB447-Y5K9HZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L.
4. INNOVACIÓN Y DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L.
5. CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.
6. GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L.
7. CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES ESTUDIOS MEGA, S.L.
8. CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.
9. FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN
10. ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.

Terceiro.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar o 2 de xaneiro de 2018 examinou as proposicións presentadas a cada un dos lotes deste procedemento, constatando que para o lote 4 “HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar” non se presentou proposición ningunha.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para o lote 4 “HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar”, tal e como se constatou na sesión da Mesa de Contratación do 2 de xaneiro de 2018, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 4 “HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar” do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) por non terse presentado ningunha proposición”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:00 horas, logo dun receso dunha hora e media. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:06	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A746-C8DC38-4EA7E7-NCB447-Y5K9HZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		